



NOTIFICACIÓN

Expediente	2020016850	
Asunto	Adxudicación postos	

Con data de 21/09/2021 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución que transcrita di como segue:

“Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 17/09/2021 e que literalmente transcrito di:

“O día 01/09/2020, por resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi apróbanse as bases reguladoras e convocatoria de concurso para a provisión de postos de traballo vacantes do Concello de Ferrol, entre os que se atopan postos vacantes das xefaturas de negociado e oficial administrativa de cemiterios. Convocatoria que foi ampliada por resolución do 4 de febreiro de 2021.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e reunida a Comisión de Valoración achega ao departamento de Recursos Humanos, o 23 de xuño, a proposta de adxudicación dos postos de traballo. O 20 de agosto, trala presentación de reclamación por parte dun dos aspirantes, achega addenda á mesma coa correspondente rectificación.

Nas base 9ª das bases recóllese que a toma de posesión do posto adxudicado deberá efectuarse no prazo de tres días hábiles a contar dende o día seguinte ao de cesamento ou do cambio de situación administrativa que en cada caso corresponda, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución definitiva. O cómputo dos prazos posesorios iniciarase cando finalicen os permisos ou licenzas que fosen concedidos ás persoas interesadas.

Tendo en conta a documentación que obra nos expedientes do persoal funcionario, previa á adscrición definitiva, deberá acordarse o remate das comisións de servizo nos postos adxudicados así como en aqueles nos que foran nomeados, tamén en réxime de comisión de servizos, para desempeñar as funcións propias dos postos ata o remate das mesmas.

Por último indicar que deberá acordarse o cese de todo aquel persoal funcionario interino que estea a ocupar os postos de orixe dos adxudicatarios toda vez que, na resolución do seu nomeamento, recóllese explicitamente que desempeñarán as funcións correspondentes ao posto ata o remate da comisión de servizos da titular do posto.

Os postos atópanse dotados orzamentariamente sendo o gasto anual previsto de 660.795,37 euros. Existe crédito axeitado e suficiente para facer fronte aos gastos nas aplicacións orzamentarias que se indican no ANEXO que acompaña a este informe.

Polo exposto propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción dos seguintes acordos:

Primeira.- *Acordar o remate da comisión de servizos, con data do 30/09/2021, das persoas e nos postos que se indican de seguido:*

01.02.01 Xefa Negociado Alcaldía Leonor Bermejo Fanjun

01.04.01 Xefa Negociado Estatística Manuela Bouzamayor Alonso

01.05.02 Xefe Negociado Participación Jorge Juan Pena Piñeiro

02.02.04 Xefa Negociado Patrimonio Aurora Barreira García

02.04.01.01 Xefa Negociado RRHH	Begoña Lamas Martínez
02.04.02.01 Xefa Negociado Emprego	Ana María Alonso Yáñez
03.02.01.01 Xefa Negociado Servizos	María Rosario Fidalgo Díaz
03.02.01.02 Xefa Negociado Medio Ambiente	Montserrat Funcasta Martínez
03.02.01.03 Xefa Negociado Obras	M Eva Garat Aldereguía
03.02.01.04 Of Adm. Cemiterio	M Jesús Fernández Durán
03.02.07.01 Xefe Negociado Sanidade	Xosé Francisco Rodríguez Barro
03.03.00.03 Xefa Negociado Seguridade	Dolores M Sande Vázquez
04.01.01.01 Xefa Negociado Benestar	Susana Andía Sánchez
03.04.04 Xefa Negociado Contratación	M Flor Maceiras Pérez
04.02.03 Xefa Negociado Igualdade	M Victoria Lamigueiro Pita
05.05.01 Xefa Negociado Deportes	M Dolores Lorenzo Anidos
02.04.01.05 Oficial Administrativa RRHH	Olalla Cuadrado Senra
02.04.02.03 Oficial Administrativa EMPREGO	Paola Doce Vergara

Segunda.- Acordar o cese no seu posto de orixe, con data do 30/09/2021:

02.01.13 Oficial Administrativa Intervención	M Alicia Acción Porto
02.01.08 Oficial Administrativa Intervención	M Jesús Dopico Montero
02.02.05 Oficial Administrativa Facenda	M Guadalupe Rivas Dopico
03.02.01.08 Oficial Administrativa SERVIZOS	M Montserrat Saavedra López

Terceiro.- Acordar a ADSCRICIÓN DEFINITIVA das persoas que se indican aos postos adxudicados, para o desempeño das funcións que lle son propias, con efectos do 1 de outubro de 2021:

01.02.01 Xefa Negociado Alcaldía	Leonor Bermejo Fanjun
01.04.01 Xefa Negociado Estatística	Manuela Bouzamayor Alonso
01.05.02 Xefe Negociado Participación	Jorge Juan Pena Piñeiro
02.02.04 Xefa Negociado Patrimonio	Aurora Barreira García
02.04.01.01 Xefa Negociado RRHH	Begoña Lamas Martínez
02.04.02.01 Xefa Negociado Emprego	Ana María Alonso Yáñez
03.02.01.01 Xefa Negociado Servizos	M Montserrat Saavedra López
03.02.01.02 Xefa Negociado Medio Ambiente	Montserrat Funcasta Martínez
03.02.01.03 Xefa Negociado Obras	M Guadalupe Rivas Dopico
03.02.01.04 Of Adm. Cemiterio	M Jesús Dopico Montero

<i>03.02.07.01 Xefe Negociado Sanidade</i>	<i>Xosé Francisco Rodríguez Barro</i>
<i>03.03.00.03 Xefa Negociado Seguridade</i>	<i>Dolores M Sande Vázquez</i>
<i>04.01.01.01 Xefa Negociado Benestar</i>	<i>M Dolores Lorenzo Anidos</i>
<i>03.04.04 Xefa Negociado Contratación</i>	<i>M Flor Maceiras Pérez</i>
<i>04.02.03 Xefa Negociado Igualdade</i>	<i>M Rosario Fidalgo Díaz</i>
<i>05.05.01 Xefa Negociado Deportes</i>	<i>M Alicia Acción Porto</i>

Cuarto.- *Acordar o cese con data do 30/09/2021, polo remate da comisión de servizos da persoa titular do posto que estaba a ocupar, de:*

María Begoña Teo González

Ana Fernández Couto

Josefa Rivera Rodriguez

M Alejandra Freire Yáñez

Isabel Vázquez Scarone

Cristina Montero Rodriguez

M Carmen Barcia García

Juan Carlos Paz Rey

Quinto.- *Notifica o acordo ás persoas interesadas, á habilitación de nóminas, á intervención municipal e ás xefaturas de cada un dos departamentos.*

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- *Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.”*

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista no artigo 45 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso administrativa (BOE 14/07/1998).

O secretario xeral